

2/3417

DELONGÁBASE A CHAIRA

(Dos primeiros poboadores á Idade Media)

Premio Concello
de Vilalba de
Poesía
(ex aequo)
2000

Manuel Xosé
Neira
(foto)

Delongábase a Chaira paleolítica, baixo pegadas de mamut entre lagoas subterráneas, grandes penedas óseas recollendo as primixenias augas do ceo, lacrimais, e abidueiras ou choplo, acuguladas de estreliñas de ouro que no chao se derramaba tal que follasca inerte, tapizándoa libérrima.

Delongábase a Chaira de óso perfeccionado coma o sílex cazador, entre a frouma do tempo das carballas na liña do horizonte, defensivas coma devesas dos lonxes. Foran intres puros, certamente estremecedores onde a voz e o eco se confundían nun fanal de soidades, e a propia soidade era unha sutil aperta no vacío auroral, no cristal límpido e nítido do aire. Veu logo a primitiva chamada do lume.

¡O lume! O lume na Chaira convocando á loita pola vida. O lume na Chaira sobre prístinos pantanos, laxeados, despois de ter moito e ben a fogo gravurado, cáseque cun buril, as follas dos carballos. Folliañas de lume no aire. E o vento revoltando os cabelos dos nómadas, cazadores e guerreiros.

Era moi dado, doado il observarmos aqueles seres primarios, ergueitos do homo sapiens, a catar horizontes de neviñas nos píncaros e nas crestas montañesas coma galos ou bebelas aurorais no abrente.

Horizontes de xistra e cabanotes de colmo. Escomezar productivo das valiñas neolíticas antes de á luz naceren os cánticos da colleita e farturas primeiras. Cando o alquímico ouro das carballeiras se facía a si propio a Chaira foi a insignia das colleitas primarias no lonxano neolítico, no tempo do bronce gardián. O lugar precisado de bos poderes para que non sobreviñera a ruína, o odio e a desfeita.

O poder primeiro dos Andrades, mormente o Bóo, mantendo ao pobo en unión e felicidade, o home dos celebrados cerimoniais. O señor non malvado.

A resolución asemblearia dos bosques neboentos (aínda que saudosos desde sempre) fora a de avantaren. De aí que, ferreñamente, arraizaran un intre demorado fronte aos ventos, favorables ou non. Coa testa cinxida, de brazos esterricados (pedernal e sílex) propósito e fin era o de se ergueren e proclamar o fin da lenta viaxe no tempo, entre a bouza, gándaras de acivro e cotarelos de pan silvestre. Os pés coma de rexa espátula sobre da lama, vimbreantes regueiros avantaban...

As nebras eleváronnos aos círculos esgrevios do silencio

e polos ríos de bronce sen aneis de ofidio
bailaba sonora co solciño alxofarado.

Vieiros homínidos, freitas da aguia
e carreiros do moucho.

Entre os círculos supremos, soberanos, e os pequenos aneis
de ofidio polos parques (naturais)
sufincaba seu fillo: o **camiñante** egrexio,
un composto de brétemas lixeiras e espellos de mar.
(O camiñante egrexio tiña como única misión amar).
ERra, pois, o centro exacto da fin. E, como tal,
foille dada compañía,
por non sentir a friaxe sideral da soidade.

Ao seren fundadas as cibdades algo ríspito fendeu
coma un coitelo as conciencias. Bateu insomne
ás portas das muradellas. Fendeu sulcos o tempo
na arxila feble dos moradores. Como cuña ou frecha
entrou nos corazóns.

Si, de ósos paleozoicos a Chaira foi formada,
amasada coma o pan,
a alborexar risoña coma millo ben maduro
en cazadores de sílex e recolectores hábiles
de grans, plantas e algo así coma melaza.
Esterricábase a Chaira paleolítica, coma ponlas retortas,
augural coma un día de ríos e óseo penasco
recollendo no cunqueiro das mans toda a augua do ceo,
que a seu xeito as traballaba, arredondándoas.
Largacíos os campos de abedoeiras, acuguladas
de estreliñas miríficas.
Cazadores de sílex de loira cabeleira
mui fremosos asomaban ás augas primixenias
na razón da natureza dos espellos...
Cazadores de sílex e recolectores hábiles
de moi fermosos e loiros cabelos asomaban a lagoas
de abondoso pescado.

Un principio lacustre toda a Chaira era
partillado en cen lagas de aves multicolores
sulcándoas xusto antes de o voo teren erguido
e inventado fora o arado con que cultivar o pan
para amasar a Chaira de ósos paleozoicos.
Moitas lagas que espellaban un gran ceo de cristalinas saudades.
Toda a Chaira era
sulcada de acuáticas aves antes de ergueren voo, espaventadas
polo paso do home,
espaventadas e multicolores
mentres con gracexo inventado fora o arado
con que se cultivara a avea
para manter os gandofs variegados da Chaira.
Cereais con que amasar toda a Chaira labradora
de ósos paleozoicos.

Reitero que en palafitos vivían sobre as augas,
nos albores do mundo, libres e felices.
De non ser nas casas cadradas ás catro augas no lugariño de Rioaveso
patria de chan ledo: do patriota Chao, tan ledo il.

Ben á vista están e se nos ofrecen elas.
(Ou a ara a Mercurio do lugar de Oleiros).
Toda a Chaira foi pastoril de pastorela e labrega,
gandeira toda ela e sempre comandando alí o xabaryl druídico,
furioso,
comandando as camadas máis feroces de animais
e a folliña de carballo coma a navalla de Taramundi labra
toda a Chaira de variñas de abeleira, procurando augas limpas, fondais.
Ou a lume de buril
na mesma fala e língoa dos paisanos.

Terminou a Chaira mormente con Andrade o Bóo cando floreceu o pan
e o millo da espiga. Tanxéronse cántigas agrestes e campesiñas
a deuses rudes coma o grego e clásico deus Pan,
o tanxedor da siringa.

Porque con Andrade o Mau a revolta foi furibunda
e a Chaira seu centro
pola velenosa revolta contra a opresión feudal,
coma un espello duplo de insidias,
pola destrucción a eito...

Nunca estivo a Chaira nas Indias pero foi flor de insidia
dupla na falta de exilios que nos espellaran no mundo.

.....
.....
.....

Ao seren fundadas as cidades no burgo algo ríspito petou nas consciencias
ás portas das muradellas...

A OLLADA VIRTUAL

"Aramos sobre os mortos nesta terra
e o noso pan ten un sabor de ósos
familiares, irmáns. O monte berra
baixo do arado, e chámannos os nosos..."

X. Lorenzo Varela
"A Rui Xordo"